

I CONCURSO ESCOLAR DE CURTAMETRAXES FUNTASTIK – PRIMARIA

Tema: *O Camiño de Santiago pola provincia de Ourense e o Turismo Responsable*

1. Organización

Funtastik no Limits convoca o **I Concurso Escolar de Curtametraxes Funtastik**, dirixido a **centros de Educación Primaria** da provincia de Ourense

2. Obxectivos do Concurso

Os obxectivos principais son:

- **Fomentar un uso racional e artístico das novas tecnoloxías** como instrumento de transmisión de mensaxes e de desenvolvemento da creatividade.
- **Promover o traballo en equipo e a colaboración** entre o alumnado para lograr un obxectivo común.
- **Desenvolver habilidades críticas e reflexivas** a través da creación e análise de contido audiovisual.
- **Estimular o interese pola cultura cinematográfica e o arte audiovisual** como ferramentas educativas e de entretemento.
- Promover valores de **respecto, convivencia e sustentabilidade** vinculados ao Camiño de Santiago.

3. Requisitos das Obras

Temática

- O tema obrigatorio é **O Camiño de Santiago pola provincia de Ourense e o turismo responsable**.

Gravación

- As curtametraxes poden ser gravadas con **calquera dispositivo dixital**.
- A edición poderá realizarse con **calquera ferramenta externa**.

Uso da IA (Intelixencia Artificial)

- Permítese o uso da IA como **apoio**, sen substituír o traballo creativo do alumnado.
- Deberá entregarse o **Anexo I** sobre o uso responsable da IA.
- Cada obra incluírá unha **declaración de uso da IA** (máx. 5 liñas).

Duración

- As obras deberán ser **orixinais**.
- A duración máxima será de **5 minutos**, incluídos créditos e tomas falsas. Recoméndase unha duración de entre 2 e 4 minutos.

Formato

- As obras entregaranse en **formato MP4**, coa máxima calidade posible.

Contido

- **Prohíbese a publicidade.**
- As tomas falsas deberán estar dentro dos 5 minutos totais.
- A organización excluírá obras con contido: violento, sexista, racista, discriminatorio, ou que vulneren dereitos fundamentais.

Número de obras por centro

- Cada centro poderá presentar **ata 4 curtametraxes**.

4. Propiedade das Obras

As curtametraxes pasarán a formar parte do **arquivo audiovisual de Funtastik no Limits**, podendo empregarse para fins **educativos, divulgativos e non comerciais**, incluíndo:

- proxeccións en eventos
- difusión en redes sociais
- materiais pedagóxicos
- arquivo histórico do proxecto

Os dereitos de autoría seguirán pertencendo ao centro e ao alumnado.

5. Inscripción

Procedemento

A inscrición realizarase enviando un correo electrónico a:

cortos.funtastik@gmail.com

Asunto: “**Inscripción I Concurso Funtastik**”

No corpo da mensaxe deberán indicarse:

- **Nome do colexio participante**
- **Aula participante**

O correo deberá incluír:

- Ligazón ao cortometraxe con permisos de acceso
- Título da obra
- Colexio e aula participante
- Títulos de crédito
- Formato do vídeo
- Duración total
- Declaración de uso da IA (Anexo I)
- Autorizacións asinadas (Anexo II)
- Ficha técnica (Anexo III)

Prazo de entrega

Ata as 23:59 horas do mércores 30 de setembro de 2026.

6. Desenvolvemento do Concurso

- A organización seleccionará as obras finalistas segundo criterios de calidade, técnica e cumprimento das bases.
- A organización poderá resolver calquera cuestión non prevista nestas bases.
- Poderase decidir **non proxectar** algunha obra se non cumpre os requisitos técnicos ou legais.
- A participación implica a **aceptación íntegra** destas bases.
- A organización poderá modificar a **cantidade final dos premios** segundo o número e calidade das obras presentadas.

7. Xurado

O xurado estará composto por:

- **Dous/dúas representantes de Funtastik No Limits**

- Unha persoa experta en arte ou audiovisual
- Unha persoa experta en educación, cultura ou patrimonio.
- Unha persoa representante dunha entidade cultural ou social galega.

As decisións do xurado serán **inapelables**.

8. Criterios de Avaliación

- Creatividade e orixinalidade
- Narrativa e coherencia
- Actuación e dirección
- Uso de recursos técnicos
- Impacto emocional e claridade da mensaxe
- Respecto polos valores do Camiño de Santiago
- Participación activa do alumnado
- Contextualización
- Desenvolvemento de personaxes

9. Premios

1º Premio

- Xornada Funtastik no propio colexio para tódolos alumnos.

Mini Funtastik, unha xornada lúdica e educativa no propio centro con actividades adaptadas ao número de escolares, ás idades e ao espazo dispoñible.

A data de celebración deberá ser consensuada coa empresa MANTESIL, SLU

Premio Especial “Valores do Camiño”

Mención honorífica ao curto que mellor represente respecto, inclusión e sustentabilidade.

- Árbore autóctona simbólica “**Camiño Sostible**” para plantar no centro.
- Vale de 200,00€ para gastar en material deportivo para o centro.

10. Entrega de premios

- A entrega de premios realizarase **no recinto EXPOURENSE** durante a **edición de Funtastik en Ourense 2026**. A asistencia á entrega non é obrigatoria para recibir o premio.
- As obras finalistas poderán **ser proxectadas no mesmo recinto**.

Coordinadora de Mantesil e FUNTASTIK NO LIMITS
Camino Prada
617 317 352

cortos.funtastik@gmail.com